

The image features an abstract graphic design on a white background. It consists of three overlapping circles of varying sizes, each composed of concentric layers of different shades of blue. The largest circle is at the top right, a medium-sized one is in the center, and a smaller one is at the bottom right. Two thin, light blue lines intersect to form a large 'V' shape that frames the circles. The text 'O JAZZ' is written in a bold, dark blue, sans-serif font, with 'PROPOSTA DIDÁCTICA' in a smaller, dark blue, sans-serif font directly below it.

O JAZZ
PROPOSTA DIDÁCTICA

ESTA PROPOSTA DIDÁCTICA TEN
COMO OBXECTIVO INTRODUCIRNOS
NA EXPLORACIÓN DA MÚSICA DE
JAZZ E OS SEUS DIFERENTES
ESTILOS E CORRENTES

ESTA DIRIXIDO A
ESTUDANTES DE
ENSINO SECUNDARIO
OBRIGATORIO



A SÚA INTENCIÓN É
QUE COMO
TRABALLO PREVIO Ó
CONCERTO
DIDÁCTICO, FACILITE
UNHA MELLOR
COMPRENSIÓN E
DESFROUTE

1. INTRODUCCIÓN:

Un concerto didáctico ben fundamentado pon a música ó alcance de todo tipo de públicos, e debe contar cunha preparación onde se programen actividades para unha maior comprensión e aceptación do mesmo.

Este tipo de concertos atenden ao presente, mais anticipan o futuro. Son prácticas culturais onde o cumprimento das mesmas precisa de convicción, entusiasmo e paciencia. Deberíamos concebilos como actos congruentes co resto da vida cultural, como actividades de difusión racionalizadas e profesionais, con boa documentación e adaptación ás circunstancias da vida social e o seu entorno.

É importante que os nenos vivan dunha maneira lúdica este tipo de actos, pero correspóndenos a nós elaborar e transmitir os materiais, contidos e actividades necesarias para que se cumpra a finalidade para a que se realizan. Pois neste caso, o espectáculo polo espectáculo é un engano educativo.

2. DESCRIPCIÓN DO CONCERTO:

(Os actores entran polo público en fila india atados entre eles polos pés cunha corda ou cunha cadea, e con sombreiros de palla. Andan a un ritmo de 'procesión' mentres percuten tambores e claves, lembrando o ritmo de remar das galeras romanas. Van escoltados en todo momento por un Sheriff que leva un bastón. Ó chegar ó escenario[América], o Sheriff desaparece momentaneamente e os actores-escravos comezan a evolucionar o seu ritmo ata levalo a algo tribal, moi intenso e

rápido. No apoxeo desta batida volve aparecer o Sheriff co bastón e soprando un silbato. Os actores-escravos quedan petrificados e o Sheriff quítalles os instrumentos)

SHERIFF:

“A traballar! Ou pensades que vos trouxemos a América para andar de troula? A

traballar! Non me vaia arrepentir de tervos cambiado polo meu cabalo. A traballar! “

(Os actores-escravos comezan a recoller algodón do chan e pouco a pouco un deles anímase cunha canción de traballo. Os demais, pouco a pouco, vano seguindo)

ESCRAVOS:

'FREEDOM FOR MY

FATHER FREEDOM

FOR MY MOTHER

FREEDOM FOR THE

BROTHERS AND SISTERS,

BUT THERE'S NO FREEDOM

FOR ME'

(O Sheriff convértese nun Pastor cristián e comeza a 'bautizar' a todos os escravos quitándolles os sombreiros un a un. Os escravos conversos comezan a cantar un tema GOSPEL.)

ACTOR-CANTANTE:

“ E así, máis ou menos, é como máis dun millón de africanos chegaron a América para traballar como escravos nas plantacións de algodón e cacao. Desta maneira e con esta man de obra tan barata constuíuse parte da historia dos Estados Unidos de América. Alí, os escravos non podían tocar os seus tambores, pero sí as guitarras e os banjos, porque ós seus donos estes instrumentos lembráballes ós violíns e guitarras da vella Europa.

Deste xeito xurde, a finais do século XIX, un xeito de facer música improvisada: o BLUES! “

(Un dos escravos dalle unha guitarra ó Actor-Cantante que, acompañado do Guitarra-Actor, improvisan un tema de BLUES sobre un tema suxerido polos rapaces)

ACTOR-CANTANTE:

“A finais do século XIX aparece un estilo asociado ó blues chamado RAGTIME. Este estilo caracterízase porque as súas composicións empezan a ser escritas en partituras ou grabadas en grandes pianolas.”

O Ragtime caracterízase tamén porque da protagonismo ó Piano.

'O piano é un instrumento de vento, de corda ou de percusión?'

Pois ben, quizáis o máis coñecido dos autores de Ragtime foi Scott Joplin

THE ENTERTAINER

(SOLO PIANO)

ACTOR-CANTANTE:

“A principios de século, e coincidindo coa aparición do Cine, desenvólvese na cidade de Nova Orleáns un novo estilo chamado tal cual, Nova Orleáns, e que comúnmente era interpretado por unha formación musical ambulante (semellante a unha charanga) e que se apoiaba en ritmos afrocubanos. “

DIXIELAND MEDLEY

ACTOR-CANTANTE:

“ Outro estilo que aparecería pouco despois foi o Dixie, que entre outras cousas, diferenciábase do seu antecesor porque o Dixie incorporaba o piano e o saxofón”.

WHEN THE SAINTS GO MARCHIN IN

POLICÍA: (Cun son de serea dun megáfono)

“Quedan clausurados e precintados todos os locais de venda de alcohol e todo tipo de bebidas espirituosas. Esto non é un simulacro. Repito. Non é un simulacro!”

CANTANTE-ACTRIZ:

“ Os músicos, que normalmente traballaban en bares e tabernas tiveron que ir cara o Norte, como hai que facer sempre cando se fuxe da pobreza. E chegaron a Chicago”.

ACTOR-CANTANTE:

“ Chicago Anos 20!

SAXOFONISTA-ACTOR:

“Alí atoparon xente moi inqueda, estudantes cos que compartir a sua experiencia musical.” (Saxofonista lanza unha ráfaga)

ACTOR-CANTANTE:

“ Tamén en Chicago comezaron a grabacións dos primeiros discos, (ensinar vinilos e distintos formatos de soporte fonográfico) e as radios empezan a difundir o Jazz por todo o país! “

CANTANTE ACTRIZ:

“ Deste xeito a corrente chega a Nova York para desembocar no SWING.”

IN THE MOOD

ACTOR-CANTANTE:

“Nos anos 30 ten grande relevancia na historia do Jazz a aparición das Big Bands.” (¿Qué quere dicir *Big*, que quere dicir *Band*?).

“Nela había instrumentos solistas que facían improvisacións e empezan a coller protagonismo as cantantes femininas. “

THEY CAN'T TAKE THAT AWAY FROM ME

ACTOR-CANTANTE:

“ Outra faceta importante do Swing é que é maiormente unha música de baile.

ACTOR- CANTANTE:

“Na década dos anos 40, en Nova York, os músicos de Jazz xuntábanse en locais nocturnos para experimentar entre eles novas formas de tocar o Jazz. A estas reunións chamábanlle Jam Sessions, e ésta é unha práctica que dura ata hoxe en día.”

Fagamos unha proba:

(Preguntamos a algúns nenos os seus nome, ou como sinten o latexo do seu corazón para levar un tempo/pulso e improvisamos brevemente sobre eles)

“Ó movemento que xurdíu desta práctica naqueles anos chamouselle Bebop, e o seu representante principal foi Charlie Parker, a quen lle puxeron o alcume de Bird, polos sons que era capaz de extraer do seu saxo alto. Considérase que este músico foi o primeiro en darlle ás súas actuacións a categoría de concertos, pois ata entón a xente entendía o Jazz únicamente como unha música de entretemento. “

YARDBIRD SUITE

TROMPETISTA -ACTOR:

“Cool *men*, Cool, a qué tanto correr? “

ACTOR-CANTANTE:

“Como moitos periodos da historia, a esta época de virtuosismo instrumental e vertixinosas execucións seguiu outra de moita máis calma, máis relaxada, máis cool. O seu embaixador universal sería Miles Davis. Estamos nos anos 50! “

DARN THAT DREAM

ACTOR -CANTANTE:

“E así, tranquilamente, chegamos ós anos 70 e ó Funky e o Soul Jazz.”

“Get up, I feel Good'. Aquí asistimos a superventas e ídolos de carácter internacional que fan do Jazz unha música asequible, lúdica e chea de enerxía. 'Let's go!'”

THINK

SHAKE TAIL FATHER

(No transcurso do concerto preséntanse os distintos instrumentos e familias)

PROPOSTAS ACTIVAS

1. A ÁRBORE DOS ESTILOS:

A finalidade desta proposta é facer unha labor de investigación entre os distintos alumnos entorno a historia do jazz, dende as súas orixes ata hoxe, con épocas altas e épocas baixas, de como pervive ou se modifica ao longo do tempo, e as súas distintas visións e achegas a outras músicas.

Para o desenvolvemento desta proposta podemos facer grupos de traballo que se repartan as tarefas, facendo cada un unha parte da investigación encomendada (o swing, free jazz, etc.) e dentro dela buscar os músicos máis sobresalientes (dependendo do número de alumnos poden buscar cada un 3, 4, os que sexan) e escoitar un tema mínimo de cada estilo, e opinións o respecto.

Evidentemente todo isto pódese traballar paralelamente con detalles históricos relevantes do momento e a súa influencia na música do momento (2ª guerra mundial, emancipación dos escravos; Rosa Parks..).

A parte da búsqueda de información a través de libros e novas tecnoloxías, teñen que buscar unha foto do grupo e/ou músico sobre o que estean a indagar e pegalo no seu parte da "árbore".

Para a elaboración da árbore, aconséllase papel de estraza ou similar dunha medida de 1.40 cm de alto por 90 cm de longo, ou na súa falta dous papeis de igual medida pegados, (todo isto dependendo da viabilidade de colocalo nunha parez da aula ou similar, como un corredor.)

Os grupos propostos son mínimo, Blues, New Orleans, era do Swing, Be bop, Cool, Hard Bop, Free Jazz, Fusión e Jazz Hoxe.

Dependendo do número de alumnos da aula tamén poder ampliar coa "raíz" é dicir: Gospel, Ragtime...,

Temos que contar con algún grupo que faga a árbore onde colocar os traballos.

BREVE HISTORIA DO JAZZ

O Jazz é unha música mestiza que ten por avós o ritmo africano e música europea. O seu fusión produciuse en Estados Unidos coa chegada dos escravos africanos, a principios do

século XVII, ás plantacións de algodón, cuxos propietarios brancos tiñan unha cultura Europea, coa súa música clásica e folclórica tradicional.

Coro Gospel, Los escravos negros acabaron por assimilar a relixión cristiá, especialmente baptista e metodista e cantaban os salmos nas igrexas, con harmonías europeas dos brancos, fusionadas coa súa tradicional raíz africana, así naceu o GOSPEL ao lado relixioso e o BLUES fóra da igrexas, nas plantacións e a rúa.

O Gospel, en plena vixencia cos magníficos coros relixiosos, foi o berce de moitas das grandes voces femininas do Jazz.

O Blues, como o seu nome indica é tristeza, melancolía, é sentir tristeza dunha situación á que non se lle ve remedio, moi propia dos escravos e marxidados.

Cunha estrutura musical básica de doce compases, utiliza as chamadas blue notes, unha alteración das notas terceira e sétima da escala musical, tan peculiares que a esta escala chamámola precisamente así escala blues. Especialmente os cantantes din que o blues, máis que tristeza o que expresa é sentimento.

En 1.865, trala guerra de secesión os escravos son declarados libres.

Máis ou menos por esa época, un estilo musical nacido en Saint Louis en 1.870, gañaba en popularidade. Era un estilo pianístico dinámico para bailar, o RAGTIME, cuxas partituras gravábanse en rolos de cartón para piano mecánico ou pianola, non era Jazz, pero parecíase en algo.

O Jazz nace do puchero onde se cocían todos estes estilos, a finais do século XIX, en Nova Orleáns.

Nesta cidade existía o costume de acompañar os funerais con música de banda. Facíanlo de forma lenta, triste e pausada ao ir ao cemiterio e alegre ao volver, provocando que a xente fose bailando tras eles.

Tanta popularidade adquiriron estas bandas que llas empezou a contratar nos bordeis para tocar música de baile. Curiosamente esta situación fai que se invente a batería, xa que o que tocaba o bombo e o platillo, sentábase como os demais e pronto se buscou a vida para tocar os instrumentos con pedales, dunha forma máis cómoda engadindo máis platillos sobre soportes e tocando tamén a caixa.

En 1.917, as autoridades pecharon o barrio de bordeis de Storyville de Nova Orleans, onde actuaban, e as bandas emigraron ao norte, ás cidades de Chicago e Nova York, iniciándose así a expansión do Jazz, sendo contratadas polos clubs, normalmente controlados ou propiedade das mafias.

Nos anos trinta o Jazz consegue un gran nivel profesional e aparecen os grandes solistas que improvisan seguindo o esquema armónico apropiado para cada canción. chegara o Swing, as Big Bands e personaxes míticos, como Duke Ellington, Count Basie, Benni Goodman e Louis Armstrong. O Jazz habíase dignificado e tocábano tamén os brancos. Era a música de baile nos grandes salóns ou nos pequenos tugurios de EE.UU.

Terminada a Segunda guerra mundial, aparecen sucesivamente os distintos estilos do Jazz.

Charlie Parke De os primeiros estilos, o "Be-bop" ou simplemente "Bop", foi inventado polo mítico Charlie Parker xunto con Dizzy Gillespie. Ao ser un estilo máis artístico e intelectual, cargado de protesta racial e social, non era apto para o baile, era demasiado rápido e en ocasións caótico, pero artisticamente foi unha revolución, que fixo que se puxesen as pilas todos os demais.

A partir de 1.947 prodúcense varios cambios sucesivos que volven revolucionar o Jazz, do "Bop" ao "Cool", ao "Hard Bop", e ao "Free Jazz". Artistas como os trompetistas Dizzy Gillespie e Miles Davis, o pianista Thelonius Monk, o saxofonista Lester Young, Dexter Gordon, etc..., todos evolucionaron con estes estilos ou os inventaron.

Cos concertos por toda Europa e a procura persoal sen estilo definido chega a Fusión case con calquera cousa, en especial coa música brasileira dos 60 (Bossa nova), cubana e latina en xeral incluído o flamenco.


Na actualidade o Jazz estase recuperando grazas a esa inmensa minoría, o seu público incondicional. Incluso o primitivo de Nova Orleans, coa banda de Woody Allen e outras.

Hai agora máis músicos de Jazz que nunca na súa historia, pero tamén é certo que se venden menos discos nas tendas, só nalgunha e ten que pedilo. O mellor é buscalos en internet xa que non os comercializan as grandes discográficas, senón pequenos selos independentes ou os propios músicos. Os discos válenos aos afeccionados para recordar e aprender.

De todos os xeitos cos discos gañan pouco os músicos, a solución foi e será facer concertos nos Festivales e volver aos clubs, para facer que o público baile, participe e divírtase, como nas súas orixes, aínda que en Europa moi poucos o entenden xa como música para bailar, o é, sempre hai un estilo con algo do primitivo swing, que che invita a mover os pés.

REALIZACIÓN:

Dividimos a aula por grupos para realizar unha investigación sobre os orixes e estilos do jazz, partimos dun tronco e una base base que sería: (ver anexo 1)



RAICES

(ver anexo 2)

Por exemplo :


JAZZ HOXE

Nos dous lados do tronco, imos coloando as fotos e biografía, pequena ou reseña.

FUSION (Jazz rock)
1970



Weather Report fue un grupo de jazz fusión / jazz rock que estuvo activo entre 1970 y 1985 liderado por Joe Zawinul y Wayne Shorter anticipó y contribuyó a la apertura musical estadounidense a las músicas del mundo



Por último temos que planificar a árbore sobre o que pegar os traballos, o modelo é de libre elección (vendo o do anexo 1), outro tipo de deseños poderían ser os seguintes:




. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- **Tirro, Frank. Historia del Jazz clásico.**
- **Tirro, F. Historia del Jazz moderno.**
- **Williams, M. La tradición del jazz. Madrid, Taurus humanidade**
- **Berendt, J. El Jazz**
- **Gioia, Ted . Historia del Jazz**

DVD RECOMENDADO **HISTORIA do Jazz de KEN BURNS**

ONLINE:

http://www.dailymotion.com/video/xtf9ai_historia-del-jazz-de-ken-burns-03-1924-1928-our-language_music



ANEXO 2

DETALLE

Regina Carter (v) b Aug 6, 1966 (f) Detroit, MI

Mark Whitfield (p) b Oct 6, 1959 Long Island, NY

Stanley Jordan (el-g, p) b July 3, 1959 Chicago

Jamaaladeen Tacuma (el-hq) b June 11, 1956 Hempstead, NY

Mike Stern (el-g) b Jan 10, 1953 Boston

John Scofield (el-g) b Dec 20, 1951 Dayton, OH

Bill Frisell (el-g) b March 18, 1951 Baltimore

Harvie Swartz (b, comp, ld) b March 18, 1951 Baltimore

George Mraz (b) b Sept 9, 1944 Pisek, Czechoslovakia

PAT METHENEY GROUP b Aug 12, 1954 Lee's Summit, MO

Pat Metheny (g, el-g, synth, comp) b Aug 12, 1954 Lee's Summit, MO

Steve Turre (tb) b Sept 12, 1948 Omaha, NE

Bob Stewart (tu) b Feb 3, 1945 Sioux Falls, SD

Wadada Leo Smith (tp, flt, multiinstr) b Dec 18, 1941 Leland, MS

Clifford Thornton (co, tp, comp) d Nov 25, 1989 Geneva, Switzerland

Joe Lee Wilson (voc, ld) b Dec 22, 1935 Britton, OK

Carla Bley (comp, p, kb, ld) b May 19, 1940 Oakland, CA

THE JAZZ COMPOSER'S ORCHESTRA with M. Amaral (b, comp), G. Barbieri (ts), D. Cherry (co), Carla Bley (p), L. Corveill (g), L. Tabakin (ts), Bob Donovan (as), S. Lacy (ss), R. Rudolph (b), C. Taylor (p), Beaver Harris (tr) a.o.

Mike Mantler (comp, tp, ld) b Aug 10, 1943 Vienna, Austria

CREATIVE IMPROVISATION ENSEMBLE Anthony Braxton (multiinstr), a.o.

WORLD SAXOPHONE QUARTET Hans-Joachim Buecht (ss, alto, cl), Julius Hemphill (as, ts), Oliver Lake (ss, as), David Murray (ts, b, cl)

JAZZ COMPOSER'S ORCHESTRA ASSOCIATION (1969) nonprofit organization

Don Moye (dr, perc) b May 23, 1940 Rochester, NY

Lester Bowie (tp, ld) b Oct 19, 1941 Frederick, MD

Roscoe Mitchell (reeds, comp, ld) b Aug 3, 1940 Chicago

Joseph Jarman (reeds, comp) b Sept 19, 1940 Chicago

Malachi Favors (p, multiinstr) b Aug 27, 1937 Chicago

ART ENSEMBLE OF CHICAGO J. Jarman, M. Favors, D. Moye

Muhai Richard Abrams (p, comp, ld, cl) b Sept 19, 1940 Chicago

ASSOCIATION FOR THE ADVANCEMENT OF CREATIVE MUSICIANS (from 1965)

AACM est. 1959 in Chicago by Bob Koester

LILIAN BOULLE AND HER MUSIC FRIENDS (since 1983)

THE DIRTY DOZEN BRASS BAND (since c. 1978) George Davis (tp), Eric Towns (tp), Kevin Harris (tr), Roger Lewis (bs, ss, perc), Kirk Joseph (saxophone), Ronell Marshall (sax dr, perc), Charles Joseph (tb), Lionel Batiste (bass dr)

1970 - first NEW ORLEANS & HERITAGE FESTIVAL (1968-69 N. O. Jazz Festival)

ONWARD BRASS BAND (1960-38) Paul Barbarin (dr), led up to 60, later Louis Cottrell (ld)

NEW ONWARD BRASS BAND Placide Adams (sax dr, ld)

OLYMPIA BRASS BAND (since 1958) - Harold Dejan (as, ld)

1957 - HOGAN JAZZ ARCHIVE at the Howard-Tilton Memorial Library Tulane University in New Orleans founded

DUKES OF DIXIELAND (since 1949)

PRESERVATION HALL JAZZ BAND (since 1964)

HARLEM BLUES AND JAZZ BAND (since 1972)

THE LEGEND OF JAZZ (since 1973)

BUNK JOHNSON & HIS NEW ORLEANS JAZZ BAND

SIDNEY BECHETS' ALL STARS/OLD ORY'S CREOLE JAZZ BAND/CELESTINE'S TUXEDO JAZZ BAND/PETE DALRY & HIS CHICAGANS/GEORGE LEWIS & HIS RACINETE BAND/EDDIE CONDON'S

360 DEGREE MUSIC EXPERIENCE (cooperative group)

DAVE BURRELL (p, comp) b Sept 10, 1940 Middletown, OH

Beaver Harris (dr, ld) b April 26, 1946 Pittsburgh

CHARLES HADEN & LIBERATION MUSIC ORCHESTRA (1969) b Nov 10, 1932 Montreal, Canada

PAUL BLEY (p, kb) b Nov 10, 1932 Montreal, Canada

JIMMY GIUFFRÉ TRIO (1961) J. Giuffrè (sax, cl), Paul Bley (p)

CHARLES MINGUS JAZZ WORKSHOP

THE LAST MINGUS BAND/PAUL BLEY TRIO

JOHN COLTRANE ENSEMBLE/ERIC DOLPHY QUARTET/NEW YORK ART QUARTET

NEW YORK CONTEMPORARY LIVE 2.0.

CECIL TAYLOR TRIO/QUARTET

Cecil Taylor (p, comp) b March 12, 1928 New York

GEORGE ADAMS-DON PULLEN QUARTET

George Adams (ts, fl, bc) b April 29, 1940 Covington, GA

Don Pullen (p, comp) b Nov 14, 1922 New York

CHARLIE HADEN QUARTET WEST

Charlie Haden (b) b Aug 6, 1927 Shennandoah, IA

WOODY SHAW-LOUIS HAYES QUINTET

Woody Shaw (tp) b Dec 24, 1944 Lumburg, NC

Louis Hayes (dr, ld) b May 21, 1937 Detroit

Pepper Adams (ss) b Oct 8, 1940 Highland Park, MI

Frank Foster (ts, arr, ld, comp) b Sept 23, 1928 Cincinnati

Donald Byrd (tp, flt, comp)

EDDIE PALMERI LATIN JAZZ BAND

Márcio Montarroyos (ts, flt, ld) b 1948 Grajaú Rio de Janeiro

Tania Maria (p, voc) b May 9, 1948 São Luís, Brazil

Paquito D'Rivera (as, ss, fl, flt) b June 4, 1948 Havana, Cuba

OLIVER LAKE (as, ss, fl) b Sept 14, 1942 Marianna, AR

JULIUS HEMPHILL (as, ss, fl) b c. 1940 Forth Worth, TX

PHAROAH SANDERS SEXTET/ ORCHESTRA

Pharoah Sanders (ts, ss, comp) b Oct 13, 1940 Little Rock, AR

Rahsaan Roland Kirk (ts, multiinstr) b Aug 7, 1936 Columbus, OH

Ted Curson (tp, flt, piccolo-tp, ld) b June 3, 1935 Philadelphia, PA

MUSIC ORCHESTRA/ TETRAENSEMBLE (tp, reeds, comp, ld) Chicago

ICH ARKISTRA/ URY ARKISTRA (tp, flt, comp, teacher) 1955 Nantucket, MA

2010 Bennington, VT

SMILESS ALL STARS (med 1981 by Wim Wigt) b. H. Lind 14, b. Marc Person, p. R. Williams b. B. Higgins dr.

Billy Higgins (dr) b Oct 19, 1936 Los Angeles

LOUIS HAYES GROUP

Louis Hayes (dr, ld) b May 21, 1937 Detroit

Terrio Quartet/ Sextet (p, as, ts)

Frank Foster (ts, arr, ld, comp) b Sept 23, 1928 Cincinnati

Don Pullen (p, comp) b Nov 14, 1922 New York

George Adams (ts, fl, bc) b April 29, 1940 Covington, GA

Don Pullen (p, comp) b Nov 14, 1922 New York

Charlie Haden (b) b Aug 6, 1927 Shennandoah, IA

Woody Shaw (tp) b Dec 24, 1944 Lumburg, NC

Louis Hayes (dr, ld) b May 21, 1937 Detroit

Pepper Adams (ss) b Oct 8, 1940 Highland Park, MI

Frank Foster (ts, arr, ld, comp) b Sept 23, 1928 Cincinnati

Donald Byrd (tp, flt, comp)

EDDIE PALMERI LATIN JAZZ BAND

Márcio Montarroyos (ts, flt, ld) b 1948 Grajaú Rio de Janeiro

Tania Maria (p, voc) b May 9, 1948 São Luís, Brazil

Paquito D'Rivera (as, ss, fl, flt) b June 4, 1948 Havana, Cuba

2. IN THE MOOD, UNHA INICIACIÓN O JAZZ.

A seguinte actividade ten como punto de saída o tema In the Mood de Glenn Miller, por unha banda temos un arranxo para tocar na aula orientada á instrumentación Orff, e a maiores unha proposta ao redor dunha improvisación sobre este tema.

Todo este material non ten intención de ser utilizado na súa maioría, se non que o docente escolle o que quere tratar na aula, en vista do coñecemento e implicación do alumnado, e atendendo aos distintos grupos da ESO.

Este material está para ser modificado, pois non require unha sistematización, senón que coa variedade de posibilidades para traballar a improvisación que se expón pódese desenvolver a vontade do docente.

Todas as propostas expostas están expostas sobre os cambios harmónicos de In the Mood, para instrumental Orff, pero se dándose o caso, algún alumno tocase outro instrumento pódese facer partícipe da actividade. En canto ao arranxo de In the Mood, debemos facer especial fincapé na utilización da corchea de swing, como punto de partida para entender o estilo. Para iso o docente pódese valer de gravaciónes, ou calquera outro soporte que axude á comprensión desta rítmica.

A segunda proposta está baseada na improvisación, desde un punto de vista como parte da linguaxe dun estilo, dicir que o jazz non ten a premisa da improvisación, existen numerosos estilos ao longo da historia que o confirman, pero como cada estilo ten a súa "gramática".

Para entendela partimos dun concepto coñecido como son as PENTATÓNICAS, que sería o primeiro bloque, no que se fai referencia a distintas permutacións, e esquemas rítmicos que se van variando.

Non é temporal, podemos traballar un aspecto que nos interese e saltar dunha parte a outra, os símbolos de repetición, son optativos, é dicir, podemos repetilos as veces que vexamos segundo a necesidade, e tampouco ten que ser tocados con placas ao principio, senón que poden ser percutidos, con palmas. A escala be bop é un concepto que se oe en todas as improvisacións desde múltiples perpestivas do bebop á fusión, calquera estilo, é un recurso estilístico clave.

O Enclosure vén explicado para poder tocalo en Orff, pero é unha especie de floreo, que pode ser diatónico ou cromático, con múltiples variacións de 2, 3 ou 4 notas.

As SECUENCIACIONES son parte importante da coherencia dun só, o oínte percíbeo como continuidade no discurso do solista, poden ser melódicas ou rítmicas.

As QUOTES é un recurso que se basea en utilizar fragmentos doutras melodías nun só doutro tema, normalmente son licks que teñen moita forza e crean o efecto que o oínte avezado cre certa complicidade co interprete. O que utilizo aquí é Gone But not Forgotten.

A REHARMONIZACIÓN é un recurso que permite non estar sempre coa mesma roda improvisatoria, senón utilizar outros recursos para o só.

Por último e máis importante, FRASEO, a acentuación, isto é o que fai que unha linguaxe soe dentro dun estilo, esta deliberadamente de último porque é o máis difícil de lograr, pois require unha escoita continuada dun estilo.

Todos estes exercicios non pretenden contar como improvisar, pero son exemplos do que require a improvisación, escoita e estudo, para poder falar un idioma.

